



ASUNTO: DECRETO APROBACION BASES I CONCURSO BONOS-AXUDAS DO NADAL

A Campaña deste Nadal do Covid será diferente como é lóxico a que se ven organizando nos últimos anos, non se considera oportuno a realización de ningún tipo de mercado, nin actividades de dinamización con talleres e contacontos como se viñan a celebrar.

Si que se pretende dar un pulo de motivación ao comercio local e a hostalería, có obxectivo principal e directo de fomentar as compras desta tempada nas tendas da nosa localidade, no noso comercio local, así como o gasto na hostalería.

Polo que a proposta é de unha campaña de impulso comercial para afrontar o Nadal do Covid con garantías.

Farase unha campaña de cartelería-pancartas en farolas coa mensaxe **“Este Nadal eu merco en Monforte”**.

Colocación de decoración navideña con globos

Con base no anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao I Concurso de Bonos axudas de Nadal co seguinte detalle:

BASES DO I CONCURSO DE BONOS AXUDA PARA O NADAL.

1. OBXECTIVO.-

O Concello de Monforte de Lemos a través da Concellería de Promoción Económica convoca o I Concurso de bonos axuda para o nadal deste concello có obxecto de fomentar a economía local nestas datas do Nadal, axudando as familias e ós sectores económicos do comercio e a hostalería do Concello de Monforte de Lemos, nas súas compras; esta convocatoria está encadrada dentro da Campaña de Nadal deste Concello para os meses de Decembro 2020 e Xaneiro 2021.

O procedemento de concesión destes premios tratarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. PARTICIPANTES.-

Os veciños/as interesados en participar neste concurso de Bonos axuda para as compras do Nadal deberán chamar entre os días 7 de decembro 2020 e 29 de xaneiro de 2021 ás radios Principal Monforte Cadena Ser e Onda Cero Monforte durante a emisión local de luns a venres e contestar a unha pregunta formulada polo/a locutor/a referida aos establecementos comerciais e negocios da hostalería abertos ao público en Monforte de Lemos.

3. CONTÍA E LÍMITE DOS BONOS.-



FIRMANTE - FECHA		DECRETO: 2020001879
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 02/12/2020		Fecha: 02/12/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 02/12/2020		Hora: 14:40
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/12/2020 14:41:06		Persona 76561868C





Destínase un crédito de 25.000.-euros que se imputará a aplicación orzamentaria 4311.480.01 do orzamento de gastos do ano 2020 e a que corresponda no orzamento do ano 2021, para a concesión dos Bonos axudas para o Nadal de apoio ás familias e ós sectores do comercio e a hostalería do Concello de Monforte de Lemos.

Os bonos que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que só poderá concederse un bono por persoa.

Os bonos serán do importe de 25 €/unidad.

O número máximo de participantes será de 1.000.

4. PROCEDEMENTO, ENTREGA E UTILIZACIÓN DOS BONOS.-

As radios colaboradoras emitirán unha lista todos os luns seguintes a cada unha das oito semanas de duración do concurso, có nome completo, D.N.I. e teléfono de contacto dos gañadores de esa semana, dirixida a Unidade de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Monforte.

A Unidade de Desenvolvemento Local, unha vez comprobados os datos correspondentes, e segundo a orde cronolóxica das entradas das chamadas telefónicas acertadas, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, procederase a correspondente proposta favorable de beneficiarios/as semanais, que segundo resolución de Alcaldía, dará lugar a entrega dos bonos todos os mércores seguintes a cada unha das semanas de duración do concurso, a entrega será na Casa do Concello, sito na praza de San Antonio S/N- 1º Planta, e estarán a disposición dos beneficiarios para a súa recollida ata o día 12 de febreiro de 2021 .

Unha vez que o perceptor do bono estea en posesión do bono, poderá adquirir os bens ou consumos nos establecementos abertos cun espazo físico en Monforte de Lemos, que escolla libremente, polo importe máximo que figura neles.

En caso de extravío do bono tanto pola persoa beneficiara coma polo/a comerciante non se expedirá un novo bono para evitar calquera mala práctica.

Se o importe dos bens adquiridos é inferior ó valor dos bonos, o persoal do establecemento deberá facelo constar na solicitude de reintegro que presentará no Concello de Monforte de Lemos, facendo constar o número de bonos e o importe realmente gastado, perdendo a persoa beneficiara a diferenza.

Pola contra, se o importe fose superior ó do bono, o persoal do establecemento emitirá solicitude de reintegro polo importe do bono e a diferenza será pagada pola persoa beneficiaria. O Concello soamente asumirá a contía establecida no bono ou bonos, no caso de que fose máis dun bono de 25€, o que se gaste no establecemento.

Os bonos non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada bono só pode ser utilizado nun único establecemento, unha vez entregado o ben mercado, o beneficiario entregará o bono





asinado ó establecemento que quedará en posesión do mesmo e presentará a solicitude de reintegro no Concello acompañada do citado bono.

5. PRAZO PARA UTILIZAR OS BONOS POLOS BENEFICIARIOS/AS.-

Poderán ser presentados nos establecementos comerciais e da hostalería cun espazo físico aberto ao público no Concello de Monforte de Lemos e poderá mercar os bens, agasallos, consumos ou servizos da hostalería como data límite o 20 de febreiro de 2021.

6. FORMA E PAGAMENTO DOS BONOS AOS ESTABLECEMENTOS.-

A aceptación dos bonos polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria. Os establecementos deberán presentar as solicitudes acompañadas dos bonos correspondentes no rexistro xeral presencial do Concello de Monforte de Lemos, sito na Praza de San Antonio, debendo estes vir asinados polo consumidor e polo titular do establecemento.

O prazo para presentar as solicitudes de aboamento dos bonos polos establecementos, rematará o día 01 de marzo de 2021 .

7. ACEPTACIÓN DE BASES.-

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

O Concello de Monforte de Lemos resérvase o dereito para introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente decreto na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

